

11 de Marzo de 2020

LG. HORTA
PADRÓN
A CORUÑA

Estimado/a señor/a:

Como consecuencia dos traballos de mellora realizados hai uns días na rede de distribución de auga potable que abastece á zona de **HORTA E UNHA PARTE DE PEDREDA**, en próximas datas, ao entrar estas novas instalacións en funcionamento, a presión de servizo incrementárase notablemente o que implicará unha mellora substancial na calidade do abastecemento a toda a zona.

É importante ter en conta que aquelas instalacións interiores que non están preparadas poden sufrir problemas no funcionamento de electrodomésticos, caldeiras ou na propia tubería.

Polo tanto, en todas as instalacións beneficiadas pola nova presión de traballo é obrigado a instalación dunha **VÁLVULA REDUTORA DE PRESIÓN**. Trátase dun elemento básico de fontanería de doada instalación e con múltiple oferta no mercado de modelos de diversas calidades e prezos. Ás válvulas reductoras adóitanse a instalar, actualmente, en todas as instalacións particulares de fontanería como elementos protectores.

Os traballos de instalación desta **VÁLVULA** correspóndenlle ao propietario da vivenda ou local, polo que lle recomendamos que se poña en contacto cun profesional fontaneiro para a execución do traballo.

Está previsto poñer en funcionamento a nova rede a primeiros **Abril**, polo que lle recomendamos que a instalación da válvula se faga o máis axiña posible.

Este servizo non asume, en ningún caso, responsabilidade algunha por danos en instalacións interiores, pois estas son responsabilidade exclusiva dos seu propietarios. Por iso recomendamos a instalación da válvula como medida de prevención. Se a súa instalación xa dispón de reductora só terá que regulala.

Por favor, contacten co servizo se desexan aclarar calquera cuestión relacionada.

Sen outro particular, ATENTAMENTE.-

ESPINA Y DELFÍN, S.L.



Servizo Municipal de Augas
Concello de Padrón